

Música



**Produto
maduro**
César del Caño:
Expreso-Estrella

Falar de César del Caño, verbo da súa traxectoria musical e deste seu primeiro disco, é facelo dun home que experimentou os diversos camiños da música. Como proba esta gravación, variada como quizá nengunha outra na discografía galega de sempre. C. del Caño iníciouse musicalmente na bisbarra do Ribeiro, da que procede, cantando en grupos *pop* e folclóricos; logo viria o canto coral: Orfeón *Unión Orensana*, prolongando esta actividade na súa posterior marcha a Barcelona — de onde ven o título do disco, “Expreso-Estrella”. Na capital catalana canta, como é de rigor, nas estacións de metro, e nunha destas conxunturas corde ao paso unha profesional do *bel canto* —Ghena Dimitrova—, que introduce ao cantante galego no *Gran Teatre del Liceu*, no ano 1985; un ano máis tarde forma parte do *Orfeo Catalá*, e posteriormente do Coro de Cámara *Música Ficta...* xa temos, pois, ao noso artista mergullado no mundo

Produto maduro, necesario para superar os compartimentos estancos tan habituais na melomanía galega, xa que C. del Caño aproxima na súa arte mundos diversos

do canto coral, e na actualidade continua ampliando os seus estudos musicais.

O seu disco de debut reflicte toda esta bagaxe. Once temas, variados na súa composición e interpretación, redondean este disco irregular. Hai composicións sublimes e outras francamente vulgares. Entre as primeiras, a interpretada polo *Coro Universitario Galego* de Barcelona —“Tres camiños”—, a que integra instrumentos folclóricos-clásicos —gaitas, flautas, guitarra—, titulada “Marcha Espontánea nº 1”, nunha liña parecida pero novamente con voces está a “Marcha Espontánea nº III”, mentres que a “Habanera Frustrada” desvia o seu discurso músico-vocal cara unha interpretación un tanto experimental, pechando o disco unha composición propia de despedida —“Meu irmao, meu amigo... meu querido”—, de resonancias folclóricas, con sábia utilización de tarrañolas e teclados. Calquera destas composicións dignifican a gravación coma un produto maduro, necesario para superar os compartimentos estancos tan habituais na melomanía galega, xa que C. del Caño aproxima na súa arte mundos diversos, doadamente ensamblados. Hai tamén un tema simpático, “Vai tu”, comun a portugueses e galegos do Sul de Ourense, xa que foi recollido do canto colectivo naquelas terras. Outras composicións, as menos, embazan o disco, xa que son temas convencionais, coma o titulado “Ergac”, que serve de sintonía radiofónica aos programas da coordinadora “Espazos Radiofónicos Galegos en Catalunya”.

Tomemos estes pequenos detalles coma concesións, consecuencia se cadra da longa traxectoria de César del Caño, durante a que se xestou o disco, gravado entre Xaneiro do 1991 e Marzo do 1994. ♦

X.M. ESTÉVEZ